

MARZO
2025




A “VELLA CORESMA DO 2025”



Neste mes de febreiro imos dar comezo aos días da coresma, e a nosa andaina como cristiáns está a realizarse coa vivencia de cinco semanas coa compañía desta dona Coresma. Ela está a indicarnos os pasos que temos que dar para poder chegar a vivir con Xesús a súa Pascua, porque hai cousas que sobran, e cada semana, da man de Xesús, estamos descubrindo o que necesitamos arrincar de nós porque non todo vale (arrincaremos violencias, presas, rutinas, medos ...)

Arrincando cada unha das pernas que sobra atopamos tamén un pequeno remendo que nos axuda a facelo mellor para chegar a Pascua. Vivímolos cada domingo.



"Un contíño para vivir"**"O vaso"**

Durante unha sesión grupal, un psicólogo tomou un vaso de auga e mostrouno aos demais. Mentres todos esperaban a típica reflexión de "este vaso está medio cheo ou medio baleiro?", o psicólogo preguntoulles: - Canto pesa este vaso?

As respostas variaron entre os 200 e 250 gramos. Pero o psicólogo respondeu: - O peso total non é o importante.

Máis ben, depende de canto tempo o sosteña. Se o sosteño un minuto, non é problema. Se o sosteño unha hora, doerame o brazo. Se o sosteño durante un día enteiro, o meu brazo entumecerase e paralizárase da dor. O peso do vaso non cambia, sempre é o mesmo. Pero canto máis tempo o sosteño na miña man, máis pesado e difícil é de soportar.

E continuou:

- As preocupacións, os rancores, os resentimentos e os sentimentos de vinganza son como o vaso de auga. Se pensas neles por un intre, non pasará nada. Se pensas neles todos os días, comézanche a magoar. Pero se pensas neles toda a semana, ou mesmo durante meses ou anos, acabarás sentíndote paralizado e incapaz de facer algo.

Atopa o bo camiño

O SANTO PARA O MES, en marzo, o día 13: RAMIRO

É un nome de orixe visigodo que significa "poderoso na guerra, guerreiro ilustre".

Ramires, derivado de Ramiro e tamén utilizado como apelido, é o protagonista da novela de Eça de Queiroz A ilustre casa Ramires. Foi considerado como un símbolo do carácter portugués con todos os seus valores e defectos. Tiveron este nome algúns reis de Aragón e León.

San Ramiro, no século VI foi martirizado en León na persecución promovida polos suevos.

CONSELLO



"Ter fe require coraxe,
a capacidade de correr un risco,
a disposición a aceptar
incluso a dor e a desilusión"

Erich Fromm

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Coresma: do 5 de marzo ata o 17 abril



A coresma deste ano ten lugar dende o 5 de marzo ata o 17 de abril. É un período que comeza co mercores de cinsa e finaliza o Xoves Santo.

Ten cinco domingos, máis o domingo de Ramos.

A coresma significa cuadragésimo día antes da pascua. Son 40 días de preparación para a gran festa da Pascua.


É tempo de arrepentirnos dos nosos erros, de cambiar algo de nós para ser mellores e poder vivir mais cerca de Xesús. É un tempo para arrincar todas esas cousas que sobran da nosa vida, ao tempo de que pomos pequenos remendos cos que facer mellor nos camiños da vida e da fe (a vella coresma coas sete pernas).



Non é un tempo triste, senon mais ben de meditación e recollida. Son días de preparación, reflexión e conversión espiritual.

A duración de cuarenta días simboliza a proba de Xesús o permanecer xusto 40 días no deserto.

O Papa Francisco: "Coresma"



"Cando Xesús anuncia aos seus discípulos a súa paisón, morte e resurrección, para cumprir coa vontade do Pai, revela o sentido profundo da súa misión, para a salvación do mundo".

"Neste tempo de Coresma, acoller e vivir a verdade que se manifestou en Cisto significa ante todo deixarse alcanzar pola Palabra de Deus, que a igrexa nos transmite de xeración en xeración".

"É tempo de conversión, de liberdade porque Deus non quere súbditos senon fillos".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MARZO

DÍA 2	LECTURA	1 Cor 15, 45-49	Na persoa o Espírito dá vida
	EVANXEO	Lc 6, 27-38	Coa medida que midades hanvos medir a vós
DÍA 9	LECTURA	Rm 10, 8-13	Cre de corazón e a Palabra será Vida
	EVANXEO	Lc 4, 1-13	Arrincar a tentación de ter e ser máis
DÍA 16	LECTURA	Flp 3, 20 - 4, 1	Seguir coherentes con Cristo
	EVANXEO	Lc 9, 28b-36	Arrincar o acomodarse e non implicarse
DÍA 23	LECTURA	1 Cor 10, 1-6.10-12	O pobo no camiño de agradar a Deus
	EVANXEO	Lc 13, 1-9	Arrincar o deixarse ir sen dar froitos
DÍA 30	LECTURA	2 Cor 5, 17-21	Somos embaixadores de Cristo
	EVANXEO	Lc 15, 1-3. 11-32	Arrincar as envexas